

O **"I CERTAME DE PINTURA AO AIRE LIBRE ANTONIO FERNÁNDEZ"** do concello de Tomiño quiere facer honor ao gran pintor de Goián, Antonio Fernández, artista de cabalete ao aire libre que deixou plasmadas nas súas obras as paisaxes do Baixo Miño.

"..... Amigo de la luz, sobre todo de la luz fina de las montañas, consiguió una técnica maravillosa que derrama en lo que pinta para darnos, más que la ilusión, la sensación luminosa.

Es paisajista de aire libre. Hace todo directamente y eso explica, en parte, la maravillosa frescura, la vivacidad, la elocuencia de su pincelada.

Sabe componer, y compone con poesía. Anima siempre el paisaje; hace de él, con perdón de la palabra, una unidad ecológica ....."

Monteiro Lobato. 1919

Escritor, ensayista e crítico de arte. Sao Paulo

## **BASES**

DATA DE CELEBRACIÓN: 25 de agosto de 2013

LUGAR: Parroquia de Goián en Tomiño

1. Poderán participar todas as persoas maiores de 18 anos de calquera nacionalidade.
2. O tema será calquera paisaxe do percorrido establecido no plano que se entregará no momento do selado de soportes. O procedemento e a técnica serán libres.
3. A inscrición será gratuíta e se fará desde o día de publicación destas bases ata o xoves día 22 de agosto (incluído) a través da páxina web do concello.
4. As persoas inscritas deberán presentarse o día do certame entre as 9:30 e 10:30 horas nas vellas escolas sitas na praza Antonio Fernández de Goián - Tomiño co obxecto de que a organización sele e numere o soporte.
5. Cada participante deberá ir provisto de todo o material que poida necesitar para desenvolver a súa obra, incluído o cabalete ou soporte.  
O soporte deberá ser ríxido (lenzo, taboleiro, etc.) e de 1 cm. de ancho como mínimo. Se presentará en branco sen textura e sen ningún tipo de marco. Cada participante presentará un solo soporte, mínimo de 50 x 50 cm, e máximo de 100 x 100 cm.
6. As obras terminadas serán presentadas, sen asinar e xunto co cabalete, para a súa exposición no Espazo Fortaleza no río, entre as 18:00 e 19:00 do mesmo día do certame co obxecto de que o xurado inicie a calificación das obras.  
A obras premiadas serán asinadas despois da entrega de premios.
7. O xurado, composto por personalidades vinculadas co mundo das artes e por membros das entidades patrocinadoras dos premios, reunirse a partir das 19:30 horas do mesmo día do certame e emitirá o fallo ás 21:00 horas.
8. Os premios establecidos serán os seguintes:

‡ 1º Premio: 1.500 euros. Patrocinado polo concello de Tomiño.

‡ 2º Premio: 1.000 euros. Patrocinado pola Comunidade de Montes de Goián.

Todos os premios están suxeitos á lexislación fiscal vixente, realizándose sobre ditas cantidades as retencións legalmente establecidas.

Para recoller os premios será imprescindible a presenza do autor ou autora ou dun certificado no seu nome.

Se o xurado o estimara oportuno algún dos premios podería quedar desertos.

9. Todas as obras premiadas pasarán a ser propiedade dos patrocinadores dos premios que se reservan o dereito de edición e reprodución das mesmas.
10. As obras quedarán expostas ao público entre o 25 de agosto e o 1 de setembro de 2013, podendo retirar as mesmas entre o 2 e o 20 de setembro de 2013 na casa do concello (praza do Seixo s/n) en horario de 10:00 a 13:00 horas de luns a venres previa presentación da copia da ficha de inscrición. As obras que non se recollan no período establecido serán destruídas.  
  
Os autores que non desexen expoñer a súa obra poderán recollela o mesmo día do certame entre as 21:30 e as 22:00 horas, sendo requisito necesario presentar a copia da ficha de inscrición.
11. O concello de Tomiño, que en todo caso velará pola boa conservación das obras, non se fai responsable de calquera continxencia que poidan sufrir tanto as obras como os materiais dos participantes durante o desenvolvemento do certame.
12. A participación neste certame supón a plena aceptación das presentes bases.

Tomiño, a 22 de xullo de 2013

# I CERTAMEN DE PINTURA AO AIRE LIBRE ANTONIO FERNANDEZ CONCELLO DE TOMIÑO

## FICHA DE INSCRICIÓN

### DATOS PERSOAIS

Nome:					
Apelidos:					
DNI:					
Data de nacemento:		Idade:			
Enderezo:					
Localidade:		Provincia:		C.P.	

### DATOS DE CONTACTO

Teléfono fixo:	
Teléfono móbil:	
Correo electrónico:	

**Data de inscrición:**

<b>Datos a cubrir o día do certame</b>	
<b>Obra</b>	
Medida lenzo	
Nº asignado no reverso	

En cumprimento do establecido na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, lle informamos que os seus datos persoais serán tratados e quedarán incorporados ao ficheiro automatizado do concello de Tomiño co fin de prestar os servizos de información e xestión propios desta entidade.